



## CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MTF

**Expediente n.º 2019/E001/000005**

### **DECRETO DO ALCALDE EN FUNCIÓNS**

#### **ANTECEDENTES DE FEITO**

Mediante o Decreto nº 1157/2019, do 23 de xullo, a concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego efectuou a convocatoria do proceso selectivo encamiñado á elaboración e funcionamento dunha lista de espera de técnico de administración xeral (persoal funcionario interino) e aprobou as bases correspondentes.

A convocatoria e as súas bases foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 142, do 30/07/2019. Tamén se publican no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web municipal.

Advertido un erro nas bases, procede a súa enmenda.

#### **FUNDAMENTOS LEGAIS**

O artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), sinala que estas poderán rectificar en calquera momento, de oficio ou por solicitude dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), no artigo 21.1.g), atribúelle a competencia para ditar a presente resolución á Alcaldía. Porén tal competencia foi delegada na concelleira-delegada da Área de Recursos Humanos, Industria e Emprego (Decreto 993/2019, do 24 de xuño, publicado no BOP nº 121, do 28 de xuño).

Con motivo do período vacacional foi ditado o Decreto nº 1178/2019, do 30 de xullo, (BOP nº 146, do 5 de agosto), polo que o alcalde establece o réxime de substitucións nas funcións da Alcaldía, e de acordo, con ese calendario, entre os días 12 e 18 de agosto (ambos os dous incluídos) correspóndelle tal desempeño ao primeiro tenente de alcalde, Antonio Alonso Román.

De acordo co disposto no apartado 6º do Decreto 993/2019, do 24 de xuño (BOP do 28 de xuño) a alcaldesa e os alcaldes en funcións asumirán, por avocación, as competencias delegadas dos concelleiros e concelleiras que se atopan de vacacións.

Por todo iso, a través do presente decreto, RESOLVO:

**1. Corrixir o erro existente nas bases da convocatoria do proceso selectivo para a constitución e funcionamento unha lista de espera de técnico de administración xeral, aprobadas mediante o Decreto 1157/2019, do 23 de xullo e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) nº 142, do 30 de xullo, nos seguintes termos:**



## CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MTF

- Na base 7.1

Onde di:

**“7.1 Oposición: (puntuación máxima 30 puntos)”;**

Debe dicir:

**“7.1 Oposición: (puntuación máxima 35 puntos).”**

**2. Publicar a presente resolución no BOP, no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web municipal**

As Pontes de García Rodríguez, na data á marxe consignada.

FIRMADO POR Antonio Alonso Román (FECHA: 14/08/2019 12:49:00) , Felipe Vázquez García (FECHA: 14/08/2019 12:52:00)

Decreto N°: 1245/2019 - Fecha de decreto: 14/08/2019  
Versión imprimible

CVD: 1VtOgfVtA/ms8aJurDzQ  
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.